

SAMAÍN 2022





CIRCO



Simplemente Enrico

O Gran Mago Heinrich

A Compañía de Circo *Simplemente Enrico* presenta a historia deste peculiar mago. Lonxe da súa seria aparencia, o mago Heinrich é un desastre coa maxia. Case nunca lle saen os trucos ou nótase a trampa. Aínda que nalgún momento do espectáculo, mesmo para sorpresa de Heinrich, comezarán a ocorrer cousas misteriosas e inexplicables.

Onde non hai trampa nin cartón é nos complicados xogos malabares e arriscados equilibrios que non defraudarán ao público, coma por exemplo, unha estrutura de funambulismo, na que Heinrich logrará levar!

Preparádevos para este misterioso e marabilloso espectáculo de MAXIA!

Ficha artística

Elenco Enrique

Nome do espectáculo O Gran Mago Heinrich

Modalidade artística Circo, humor, maxia

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar

Idioma Galego e castelán

Duración do espectáculo 50 min

Ubicación espazo interior ou exterior



VIDEO



DOSSIER



MAXIA





Magia en la Manga

HOXE TOCA... MAXIA!

Cada mago de *Magia en la Manga* ten no seu haber unha ampla experiencia sobre os escenarios, e como compañía dispoñemos dunha gran oferta de espectáculos de maxia unipersoais que non deixarán indiferente a ninguén. Ideais para teatro ou auditorio da túa localidade ou asociación cultural e que farán as delicias de calquera público.

EN SAMAÍN TOCA... MAXIA!

As Poucos días hai no ano tan misteriosos e máxicos como os do Samaín, e para pasalo de medo non hai nada mellor que a maxia! O noso espectáculo temático de Samaín está cheo de maxia sorprendente, divertida e pensada para a ocasión, ademais de incluír un fondo de escenario acorde co tema destas datas para facer de calquera celebración de Samaín ou Halloween un evento inesquecible..

NO NADAL TOCA... MAXIA!

As festas de Nadal sempre son unha ocasión especial, e poden ser aínda máis máxicas co espectáculo temático de nadal de Magia en la Manga. Ademais de ser participativo, divertido e moi máxico, o espectáculo dará un toque único á celebración cun fondo de escenario de nadal e maxia pensado especialmente para estas datas.

Ficha artística

Compañía Magia en la Manga

Nome do espectáculo HOXE TOCA... MAXIA!

Modalidade artística Maxia, humor

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación espazo interior ou exterior



VIDEO



DOSSIER

A woman with short dark hair is holding a paper frog in her right hand. She is looking at the frog with a focused expression. The background is dark with some workshop equipment visible, including a circular object hanging on a stand. The image is overlaid with a large teal shape on the right side and a blue rounded rectangle containing the text.

NARRACIÓN ORAL



Brais das Hortas

Contos para caghar patatillas

Música, clown e contos a partes iguais nesta proposta de Brais das Hortas para toda a familia.

A Santa Compañía cantando un trap, o home do saco, a verdadeira canción de como morreu Tranquilo, un ataque de salouco, unha base creada ao vivo cunha loop station, sete bruxas que voan de Moaña a Sevilla nunha barca, instrumentos de refugallo creados en directo... e moito máis.

Un espectáculo para morrer de medo... ou de risa!

Ficha artística

Elenco Brais das Hortas

Nome do espectáculo Contos para caghar patatillas

Modalidade artística Naración oral, Música ao vivo

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación Espazo exterior ou interior



VIDEO



DOSSIER



Ficha artística

Elenco Iseo Agilda

Nome do espectáculo De cea cos defuntiños

Modalidade artística Narración oral, Música ao vivo

Público ao que vai dirixido Primaria

Idioma Galego

Duración do espectáculo 45 min

Ubicación Espazo exterior ou interior

Iseo A Moura

De cea cos defuntiños

Por tres días, por tres noites ao ano, o veo que separa o mundo dos vivos do mundo dos mortos cae. É entón cando os nosos seres queridos, parentes ou aqueles que finaron deixando asuntos pendentes, fan o camiño de volta a casa. E como os recibimos na Galiza? Con medo? Con disfraces gore e unha bola de cristal? Non, ho! Coa mesa posta coa súa comida favorita e un carreiriño de candeas ata a porta, para que non tropecen no camiño, que a aldea moito ten cambiado dende que a deixaron...

Da man de Iseo a Moura, ser máxico que vive a cabalo entre os dous mundos (bueno, en realidade en bicicleta, porque é vegana), vanvos chegar **catro** historias, **catro** pratos moi especiais, **catro** citas cos defuntos para axudarvos a entender a morte á galega.

Que vos aproveite!

A COMPAÑÍA

Iseo Agilda, filósofa de formación, encamiñou logo a súa vocación cara a **Educación Ambiental** e dende aí comparte a súa vontade de aprender a vivir dun xeito máis sostible, sinxelo e xusto a través de **cancións, contos e actividades na natureza**.

Cantante en **Sacha na Horta** e **Blues do País**.



VIDEO



DOSSIER

María da Pontragha

Non teñas medo á morte

Podes morrer coa risa, chorar coa risa e tamén rir coa morte!

Percorreremos un longo camiño en compañía, nunha **contada festiva e alegre** na que non hai tempo de laiarse nin choromicar!

Escoitas as campás??? Agarda, escoita.... e se tes medo... Peidea forte!

Ficha artística

Elenco María Iglesias "María da Pontragha"

Nome do espectáculo Non teñas medo á morte

Modalidade artística Narración oral

Público ao que vai dirixido Público familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 50 min

Ubicación Espazo interior ou exterior

A COMPAÑÍA

María da Pontragha é educadora e antropóloga, dende sempre mantivo un **vínculo moi forte coa tradición oral**, tanto a través da música coma da palabra en sí. No 2009 comezou a súa andaina no mundo da narración centrándose en todo o que rodea a oralidade.



VIDEO



DOSSIER



Brais das Hortas

Contos de Defuntos (e outros asuntos)

Contos de mortos que non están tan mortos, da **Santa Compañía** que non era tan santa, de aparecidos e visións... de todas estas causas que rodean **a vida e a morte en Galicia**, e das que nunca está de máis falar un pouco. Porque o mundo cambia.

O noso mundo, o dos vivos... e quen sabe se o dos mortos tamén cambiou! Porque, aínda que haxa luz eléctrica, **nunca se sabe onde se che pode aparecer algo...**

Ficha artística

Elenco Brais das Hortas

Nome do espectáculo Contos de Defuntos (e outros asuntos)

Modalidade artística Naración oral, Música ao vivo

Público ao que vai dirixido Público Adulto

Idioma Galego

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación Espazo exterior ou interior



VIDEO



DOSSIER

Falamos?



✉ ola@charlatana.org

☎ +34 637 756 129

🌐 charlatana.org